

A REFORMA LABORAL: DOUS ANOS CUMPRINDO OBXECTIVOS

O peso dos contratos indefinidos sobre o total subiu en 20,5 puntos e a temporalidade segue en mínimos históricos. Aínda así, Galicia segue a rexistrar datos por debaixo do resto do Estado, onde a contratación indefinida é xa do 44,9% e triplica o peso dos contratos indefinidos dende a entrada en vigor da reforma

Redacción.- Os datos de paro rexistrado correspondentes ao mes de marzo, publicados polo Servizo Público de Emprego (SEPE), mostran un descenso de 1.572 persoas respecto a febreiro, contabilizando un total de 129.011, 12.836 persoas menos que o ano anterior, tratándose do dato máis baixo para un mes de marzo desde 1996. Pola súa banda, a afiliación á Seguridade Social aumenta este mes en 6.577 persoas e alcanza un total de 1.061.595 persoas afiliadas, 18.064 persoas máis que o ano pasado.

A potenciación do contrato indefinido fronte ao temporal que impulsou a reforma laboral de 2021 deu como resultado un incremento do emprego estable que continúa manténdose dous anos despois: o peso dos contratos indefinidos sobre o total multiplicouse por 2,3, pasando dun 14,87% en marzo de 2021 ao 35,35% este mes. En marzo rexístráronse un total de 49.938 contratos, dos que 17.658 son indefinidos. Ademais, a modalidade máis estable de contratación, a fixa a tempo completo, ascende ao 18,2% do total de contratos (dato de febreiro porque o de marzo aínda non foi facilitado), unha porcentaxe que antes da reforma tan só era do 3,6%.

Con respecto á contratación, o peso dos temporais redúcese en 20,5 puntos nestes dous últimos anos, pasando do 85,1% en marzo de 2021 ao 64,4% neste último mes. Na EPA, o último dato, do cuarto trimestre de 2023, situaba o emprego temporal no 16,2%, o que supón 8,1 puntos menos que no mesmo período de 2021, sendo aínda menor no sector privado, o 12% (10,9 puntos menos).

De maneira que, tras dous anos de vivencia, a reforma laboral está a cumprir eficazmente co obxectivo fundamental para o que foi deseñada: reducir a excesiva temporalidade a través da creación de emprego de calidade. Ademais, tal e como certificou a Contabilidade Nacional Trimestral a semana pasada, a forta-



leza mostrada polo mercado de traballo está a servir para apontoar o crecemento da economía, permitindo, xunto á moderación da inflación e as subidas salariais motivadas polo AENC, que a economía española creza a un ritmo cinco veces superior ao da Eurozona, grazas, sobre todo, ao impulso do consumo dos fogares.

Aspectos pendentes

Con todo, persisten desequilibrios no funcionamento do mercado laboral que é preciso corrixir. Un exemplo é a temporalidade do emprego público, que continúa en valores moi elevados, do 31,24% no cuarto trimestre de 2023, e que apenas se reduciu desde a reforma laboral (só 2,1 puntos). Un problema que as administracións públicas implicadas deben resolver canto antes, de forma que se acabe co abuso derivado da utilización sucesiva de contratos temporais no sector público, tal e como resolveu recentemente o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Outro aspecto pendente é a modificación das causas e o custo do despedimento, para que se garanta o dereito das persoas traballadoras a recibir unha indemnización adecuada, con carácter disuasorio e resarcitorio, como recolle a Carta Social Europea. Un asunto que UGT denunciou ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais, que xa se pronun-

ciou respecto diso, pero cuxa resolución non se pode desvelar ata que o Executivo non o autorice. Por tanto, o Sindicato insta ao Goberno a que actúe con transparencia e responsabilidade, facendo pública canto antes a resolución do organismo.

En definitiva, aínda que a reforma laboral estea a ser realmente efectiva dentro do seu campo de actuación, son necesarias actuacións complementarias que apoiem o seu gran potencial transformador, consolidando a mellora real das condicións laborais das persoas traballadoras e favorecendo o crecemento da produtividade, para que a economía española continúe sendo a referente do dinamismo da Eurozona no longo prazo.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos esta semana, en Galicia o desemprego baixou en 1.572 persoas con respecto ao mes anterior (1,20%) e no Estado esta cifra tamén baixou, un 1,21%. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 12.836 persoas, un 9,05% menos. No caso do Estado a baixada anual non foi tan forte, do 4,73%. Así, o número total de desempregados sitúase en 129.011

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

persoas, mínimo histórico nun mes de marzo en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego subiu nun 0,45%, unha tendencia contraria ao resto de idades, e no ano a diminución foi dun 12,02%.

Por sexos, no caso dos homes o desemprego baixa no mes un 0,54% e no caso das mulleres nun 1,69%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 7,13% entre os homes e o 10,41% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 57,63% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 74.352 mulleres, fronte a 54.659 homes.

En canto aos sectores, dáse unha

baixada do paro en todos, salvo no colectivo de sen emprego anterior, no que sube nun 0,84% no mes. Pola contra, baixa un 0,44% na industria; un 1,62% nos servizos; un 1,60% na agricultura e gandería; e un 0,39% na construción. No ano baixa en todos. Así, baixa un 9,98% no primario; o 11,99% na industria; o 11,09% na construción; o 8,79% no sector servizos; e o 5,74% entre o colectivo de sen emprego anterior.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 35,36%, aínda que, un mes máis, por abaixo do resto do Estado onde é do 44,9%. Realizáronse en marzo un total de 49.938 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 75%. Tamén foron elevadas,

aínda que non tanto, nos servizos, do 34,3%; na industria, do 23,9%; e no primario, do 61,4%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 74,61%, con 88.861 persoas beneficiarias. Deste total, 41.992 perciben subsidios e 4.209 a Renda Activa de Inserción, dato que mellorou con respecto aos meses precedentes porque, de novo, volve a haber un maior número de prestacións contributivas, 42.660. Aínda así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.061.595 de media mensual, aumentando un 0,62% no mes e un 1,73% no ano.

UGT MOBILIZA AO SECTOR DA SEGURIDADE PRIVADA PARA RECLAMAR A XUBILACIÓN ANTICIPADA

En Galicia as mobilizacións tiveron lugar este martes na Coruña e Vigo

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do sector da seguridade privada mobilizáronse, convocados por UGT, en toda España este martes baixo o lema "Xubilación anticipada xa".

Concretamente, en Galicia as mobilizacións tiveron lugar na Coruña, fronte á Dirección provincial do INNS, e en Vigo, na Tesourería da Seguridade Social.

FeSMC-UGT vén reclamando do Goberno que resolva o expediente de coeficientes redutores presentado polo Sindicato no ano 2017. Tamén a incorporación da actividade de seguridade privada aos colectivos que poidan acollerse ao contrato de substitución.

A seguridade privada exerce por lei como complementaria á seguridade pública sendo o primeiro dique de contención que garante a propia seguridade da cidadanía en espazos privados, e de pública concorrencia.

Un sector cunha media de idade de 54 anos e que progresivamente entrará na denominada era tecnolóxica, situación que obriga a unha saída ordenada de persoas traballadoras de avanzada idade cara á xubilación anticipada.

Unha profesión onde prevalece o



traballo a quendas, festivos, fins de semana, horarios nocturnos e que, ademais, é un dos sectores sometido a un maior número de horas extraordinarias no conxunto do país.

UGT, na actualidade, está a negociar co Goberno esta posibilidade. Para UGT, a xubilación anticipada é un reto difícil pero necesario para o presente e futuro do sector.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DA CORUÑA POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- As mobilizacións na sanidade privada da provincia da Coruña continúan ante a imposibilidade de pechar un convenio digno coa patronal do sector.

Esta pretenden retirar o sistema de trienios, néganse a pagar os domingos, néganse a establecer unha xornada anual paralela á media do resto do Estado, non actualizan as táboas salariais...

Fronte a isto, a resposta dos traballadores e traballadoras do sector vaise manter e intensificar no tempo. Así, xa tiveron lugar varias xornadas de folga e están previstas outras os días 15, 16 e 17 de abril; e 13, 14, 15 e 16 de maio.

En canto ás mobilizacións, esta semana, o día 3 tivo lugar unha concentración fronte ao H.M. Modelo,



na Coruña; o 11 de abril terá lugar outra na Rosaleda, en Santiago; o 23 de abril, no Cardona; o 2 de maio

no San Rafael, na Coruña; o 8 de maio na Robleda, Santiago; e o día 22 de maio no Belén, na Coruña.

UGT CHAMA Á PARTICIPACIÓN NA MANIFESTACIÓN CONVOCADA PARA ESTE DOMINGO NA CORUÑA ANTE A FALTA DE ACORDOS NOS PROCESOS DE NEGOCIACIÓN ABERTOS EN INDITEX

Redacción.- FeSMC-UGT-Inditex chama á participación o vindeiro día 7 na Coruña na manifestación convocada para denunciar a falta de acordos nos procesos de negociación abertos en Inditex.

A manifestación sairá ás 12.00 horas da Praza de Lugo e están convocados os traballadores e traballadoras do grupo de Inditex de toda Galicia.

Dende FeSMC-UGT-Inditex faise fincapé en varias das demandas que aínda están sen resolver e levan xa demasiado tempo nas mesas de negociación.

Antigüidade

Entre elas, destaca o problema da antigüidade que leva conxelada dende hai anos e dende o Sindicato reclámanse 130 euros cada catro anos.

Tamén se pide a redución de xornada, sen perdas salariais, para os maiores de 52 anos e insítese na prima de vinculación que debería dividirse en tres bloques, 10 anos, 20 anos e 30 anos.

Por outra banda, demándase unha equiparación das axudas sociais en todos os centros de traballo do grupo (préstamos persoais sen intereses asociados á nómina, picnis ou cheque comedor, axuda para o comedor para os fillos ou fillas menores de 12 anos, axuda para os traballadores ou traballadoras que teñan fillos ou fillas con celiacuía ou intolerancias similares, plan de pensións ou colaboración co pago do párking onde non exista aparcamento grauíto).

Tamén se reclaman outras melloras laborais en materia de pluses polo traballo dos sábados ou tardes ou por coller as vacacións fóra do período vacacional, días de libre disposición ou libranzas nos sábados.



UPTA ALERTA DE QUE EN GALICIA PODERÍAN EXISTIR 15.000 FALSOS AUTÓNOMOS

A Organización vai iniciar unha campaña para rastrexar e denunciar estas situacións

Redacción.- O secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, e o presidente de UPTA, Eduardo Abad Sabarís, ofreceron este mércores en Vigo unha rolda de prensa na que Sabarís fixo unha minuciosa análise da situación dos autónomos en Vigo e na que tamén denunciou o feito de que nesta comarca poderían existir a día de hoxe 3.000 falsos autónomos, cifra que no total da Comunidade pode elevarse ata os 15.000.

Neste senso, explicou que no 2023 o número de autónomos medrou significativamente con respecto ao 2022 pero alertou que detrás deste incremento, en moitos casos, pode haber traballadores contratados como falsos autónomos.

Neste senso, anunciou que se vai iniciar unha campaña na que se analizará a situación, rastrexaranse os casos e denunciaranse todos aqueles nos que exista unha evidencia de que se trata de falsos autónomos, un abuso por parte dos empresarios de cara a estes traballadores e un feito que tamén supón unha situación de competencia desleal e prexuízos para as arcas da Seguridade Social.



Tanto Fontanes como Sabarís tamén demandaron á Inspección de Traballo unha actitude activa para denunciar e interpoñer as sancións correspondentes ás empresas que caigan nesta falsedade contractual, é dicir, que teñan baixo o seu paraugas traballadores en exclusividade dados de alta como autónomos, unha situación que se da, e moito, en sectores como o do transporte.

Lembraron que ás sancións ás que se expoñen os directivos por ter a máis de dez traballadores en réxime de falsos autónomos

poden chegar á vía penal e a contía pode elevarse a máis de 300.000 euros. Ademais, unha vez condeados, os empresarios vense na obriga de recoñecer a antigüidade dos traballadores e devolverlles as cotas de autónomos pagadas ata o momento.

Nesta rolda de prensa tamén se puxo enriba da mesa a necesidade de abordar o relevo xeneracional do sector dos autónomos e a urxencia de que as administracións colaboren coa formación e modernización do sector.

O CADRO DE PERSOAL DA AXENCIA TRIBUTARIA RECLAMA MELLORAS LABORAIS E SALARIAIS

Redacción. A Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras, primeiro sindicato da Mesa Xeral da Función Pública na Axencia Tributaria (AEAT), presentou un conflito colectivo para negociar melloras laborais e salariais na AEAT, coincidindo co inicio da campaña para presentar a declaración da renda.

O conflito colectivo, que se formalizou este xoves xunto a outros sindicatos representativos no ámbito da AEAT, pretende reactivar a negociación para acordar un novo convenio colectivo que leva ano e medio denunciado, así como un acordo para a carreira profesional pendente de desenvolvemento desde o ano 2007.

O persoal da AEAT tamén reclama o desenvolvemento do teletraballo, así como a negociación da apertura do servizo telefónico anunciado pola ministra María Jesús Montero sen concretar as retribucións nin regular os

postos de traballo. Se non se reforza o persoal, os traballadores que atendan polas tardes detraeranse das actividades dirixidas á loita contra a fraude.

Así mesmo, desde UGT consideramos que se deben revisar os criterios de asignación de produtividade de todos os traballadores da AEAT, cuxo reparto prima ao colectivo de inspectores, discriminando ao resto do persoal.

Ademais, esiximos a negociación dos complementos vinculados a horas especiais (H24 e H10).

Por último, reclamamos as melloras das condicións laborais para o colectivo de Vixilancia Aduaneira, catalogando este ámbito como profesión de risco e reforzando os medios materiais e humanos, desenvolvendo unha verdadeira policía fiscal, unha necesidade



que se puxo en evidencia tras os tráxicos sucesos coñecidos na provincia de Cádiz.

Con esta denuncia, UGT e o resto de sindicatos queremos poñer en evidencia as deficitarias condicións de traballo nun organismo esencial para o funcionamento do Estado, a loita contra a fraude fiscal e o branqueo de capitais, así como o combate diario ao narcotráfico e ao crime organizado.

Se desde a Axencia Tributaria non se atenden as nosas reivindicacións, convocaremos mobilizacións e non descartamos a folga en plena campaña da renda.

UGT ALERTA DOS RISCOS QUE ASUME O MODELO FERROVIARIO ESPAÑOL POLA COMPETENCIA DESLEAL DE EMPRESAS COMO OUIGO E IRYO

Redacción.- Desde UGT queremos reiterar o noso apoio aos traballadores e traballadoras de Renfe Operadora e á propia empresa ante a competencia desleal que leva anos sufrindo por parte da compañía francesa Ouigo, propiedade de SNCF (empresa pública estatal francesa).

As recentes declaracións do ministro de Transporte e Mobilidade Sostible, Óscar Puente, puxeron de manifesto a complexa situación na que está sumido o sector ferroviario español. Por un lado, está a ser colonizado por dúas empresas ferroviarias estranxeiras que levan anos acumulando perdas millonarias, as cales se manteñen financeiramente a base dos impostos dos cidadáns que sosteñen o Estado francés -no caso de Ouigo- e o Estado italiano, no caso de Iryo. Con todo, os Gobernos dos citados países non fan máis que boicotear a presenza de Renfe nos seus respectivos sectores ferroviarios, permitindo moi poucos servizos e a roteiros non principais -aínda non se pode conectar con París, por exemplo- mentres que o Goberno español facilitoulles o acceso aos principais roteiros, recibindo a cambio competencia desleal.

Empresas en perdas

A entrada de Ouigo, con perdas de

máis de 40 millóns de euros anuais, é algo insostible para calquera empresa. Estas perdas, ademais, prodúcense ofrecendo a empresa un servizo moi deficiente, sen ningún soporte físico de atención ao cliente, con peores condicións ao viaxeiro e unha xestión de devolucións lamentable. A isto habería que engadir a nula vontade de xerar emprego ou contribuír fiscalmente, ao ter a maioría do seu material alugado.

A entrada desta empresa no sector ferroviario español só serviu para saturar unhas vías que xa están suficientemente ocupadas, producindo así a necesidade loxística de reter máis tempo aos trens, xerando incrementos no tempo de viaxe dos usuarios de proximidade, así como de Media Distancia e Longa Distancia/AVE. En definitiva, prexudicando a Renfe Operadora, é dicir, a empresa pública de todos os españois.

Deterioración da infraestrutura

Tamén hai que denunciar maiores incidencias e desgaste da infraestrutura ferroviaria; unha infraestrutura que, debido a esta sobreexplotación, xera unha maior demanda no seu mantemento que non está a ser satisfeita. Isto está a xerar un máis que precario e externalizado traballo de mantemento en in-

fraestruturas, con máis investimento e gasto á conta do erario público para que dúas empresas estranxeiras poidan prestar un lucrativo servizo que non está a xerar valor económico nin social no noso país.

En definitiva, esta situación non fai máis que deteriorar o sistema ferroviario español cunha política de prezos irrealis para un modelo ferroviario sostible. Esta competencia desleal contra Renfe Operadora en base a modelos low-cost que danan a todos -usuarios e empresas- terminarán poñendo en risco a viabilidade futura de Renfe Operadora. Nese caso, unha vez eliminada do taboleiro a nosa empresa pública, o sistema ferroviario nacional quedará exposto a mercé de empresas estatais estranxeiras cos seus propios intereses, os cales pouco ou nada terán que ver co interese xeral dos cidadáns españois.

En UGT somos perfectamente conscientes de que o noso modelo ferroviario necesita melloras, pero estas non poden vir a través dunha liberalización salvaxe que permite cohabitar a compañías parásitas que compiten deslealmente e poñen en risco un ferrocarril que, en moitos aspectos, foi referente mundial, tanto no desenvolvemento de modernas infraestruturas como na súa capacidade para cohesionar o territorio e avanzar cara á modernidade.

UGT CONDENA O ASASINATO DE SETE PERSOAS TRABALLADORAS DE WCK EN ISRAEL

Redacción.- A “solución ao conflito” anunciada polo Goberno do ultradereitista Benjamin Netanyahu parece continuar segundo o seu plan trazado, aumentando o número de persoas mortas e feridas a mans do exército e provocando un desastre humanitario de dimensións colosais.

Tras medio ano de ataques continuos contra a poboación civil gazatí, superouse a cifra de 32.500 persoas asasinadas polas autoridades militares israelís nunha masacre que día a día subliña o horror que viven as e os palestinos: os mortos e entullos que hoxe son o hospital da Al Shifa, abandonado polo exército israelí tras ser atacado con bombas e fusís, os disparos a civís famentos que se achegaban a un convoi humanitario, os 12.300 mozos e nenos palestinos matados nos catro últimos meses (unha cifra que, segundo a Organización de Nacións Unidas, é superior á de todos os nenos asasinados en guerras en todo o planeta no período 2019-2022) ou, en definitiva, os ataques a mu-

lheres, homes, anciáns ou nenos sen discriminación algunha.

O último, triste e vergoñoso exemplo é o asasinato o pasado luns, 1 de abril, de, polo menos, sete traballadores de WCK, organización humanitaria dirixida á solidariedade alimentaria en situacións extremas e que goza de gran prestixio internacional polo seu enorme labor noutros conflitos como o de Ucraína. Como adoita suceder nestes casos, é de esperar que as nacionalidades de varias das vítimas fagan reflexionar a algún dos gobernos occidentais que seguen comerciando con armas con Israel. Non sería a primeira vez na que se observa que a desgraza dunha persoa inocente contabiliza distinto á das máis de 32.500 vidas palestinas perdidas.

O bombardeo ao persoal da WCK volve demostrar que o Goberno do ultradereitista Netanyahu entende a calquera persoa ou organización que impida ou dificulte o seu obxectivo, descrito como xe-

nocidio por varias organizacións e organismos internacionais. Na exterminación inclúense organizacións humanitarias e os seus colaboradores, xornalistas, traballadoras e traballadores de servizos esenciais, persoal de Nacións Unidas etc., palestinos ou estranxeiros.

UGT condena este asasinato e recoñece o enorme labor que realizan as organizacións que achegan axuda humanitaria, incluída así o da nosa organización sindical irmá, PGFTU, que conxuga o seu traballo sindical co humanitario con valentía e dignidade. UGT quere que esta condena non sexa soamente iso, senón tamén un recordatorio e unha nota de repulsa aos crimes diarios que se executan contra traballadoras e traballadores e poboación civil diariamente en Gaza: as sete persoas voluntarias da ONG que o pasado luns foron executadas son parte do vergoñoso e sanguento sumatorio que comezou fai case medio ano e que vai camiño xa das 40.000 persoas asasinadas.